



Guía

de comunicación
inclusiva

#OLLADAS
DISIDENTES

Esta guía foi elaborada de maneira co-laborativa polo alumnado de 1º do Ciclo Superior de Promoción da Igualdade de Xénero Promoción 2020/2022 no marco do Proxecto Olladas Disidentes sobre perspectiva de xénero e comunicación no que tamén colaboraron o equipo docente e alumnado da actividade formativa dirixida a persoas traballadoras en situación de desemprego: Promoción para a igualdade efectiva de mulleres e homes ano 2021.

Maquetación, deseño e montaxe:
tentatoura.com





Índice

	Páx.
A nosa guía de comunicación inclusiva. Por que a precisamos?	4
O que non se nomea non existe, sabíalo?	6
Racismo, prexuízos étnicos e culturais	8
Sexismo: xénero e LGTBIQ+	10
Comunicación non verbal	16
Discapacidade / diversidade funcional	18
Medios de comunicación	20
Saúde mental	21
Como lograr unha comunicación con imaxes máis inclusiva?	22
Vocabulario	23

A nosa guía de comunicación inclusiva,

por que a precisamos?



Unha guía de comunicación inclusiva resulta esencial para a construción dun mundo máis igualitario. As sociedades viven, mudan, transfórmanse e, sobre todo, son diversas e plurais. Debemos ter en conta esas mudanzas, respectalas e nomealas, porque so nomeándoas existen.

A [Comisión de Igualdade do CIFP A Xunqueira](#) integrada por representantes docentes de todas as familias profesionais, equipa directiva, Departamento de Información e Orientación Profesional e por representantes do alumnado así como grazas ao traballo de investigación, análise e redacción do alumnado de 1º de Promoción de Igualdade de Xénero do curso 2020-2021 e o seu equipo docente, elaboramos esta guía de comunicación inclusiva. Pretende ser unha ferramenta útil e divulgativa que nos permita dar resposta ás dúbidas e inquietudes que se nos presentan cada día coma docentes, como alumnado e en definitiva como cidadáns dunha sociedade que segue perpetuando roles e estereotipos asociados exclusivamente ao xénero e ao sexo, ao racismo na linguaxe, á atención á diversidade, etc.

O que non se nomea non existe, sabíalo?

A comunicación inclusiva é fundamental para que as persoas se expresen e tamén para entender o mundo que nos rodea, xa que este cambia continuamente, creando unha gran diversidade e pluralidade de persoas que o configuran, e a linguaxe xunto coa comunicación teñen que acompañar e adaptarse a ese cambio para que así sexa un mundo máis igualitario pois mudar a linguaxe axúdanos a mudar a construción que facemos do mundo.

A comunicación inclusiva axúdanos a que ningunha persoa sexa invisibilizada ou discriminada, pois todas somos iguais en dereitos e oportunidades e ninguén debера estar nunha posición inferior á outra.

Coma seres humanos somos relacionais e construímos e vivimos en interacción. A expresión e comunicación constitúen un proceso clave no noso desenvolvemento integral, e a linguaxe é un produto social e histórico que inflúe na nosa percepción da realidade.

A linguaxe non é discriminatoria, senón o uso que facemos dela; por iso é preciso unha comunicación inclusiva, que nos nomee e visibilice sen excluír e menosprezar a ninguén.

Atrévete, somos diversidade!

Convidámosvos a aceitar e respectar a diferenza, a ter unha [Ollada Disidente á realidade](#) para construír oportunidades nunha comunidade educativa que se fortaleza sobre unha base de pluralidade, pensamento crítico e afectividade activa.

Un mundo máis inclusivo
e igualitario

Racismo, prexuizos étnicos e culturais

Cada vez máis convivimos en sociedades cunha grande variedade de orixes e contextos culturais. A racialización xera unha construción social baseada nunha superioridade da raza branca producindo grandes consecuencias sociais, laborais, administrativas, etc. As razas non existen, o racismo si, polo que é moi necesario comezar a educar a sociedade fóra deses prexuizos.

A forma de comunicarnos e de expresarnos ten moitos efectos sobre as persoas, podendo ferir sensibilidades e promovendo ideas contraproducentes para as súas vidas. Utilizar unha linguaxe non racista, inclusiva ten que ser unha alternativa real para que nas nosas sociedades teñamos cabida todas as persoas.

Evitar:

Persoa inmigrante

Inmigrante ilegal

Traballamos coma negros

Comprar no chino

Vai feito un xitano/a

Facer o indio

Persoa de color/negrilo

Machupichu

Sudaca/sudaco

Raza xitana

Mora/moro

Recomendamos:

Persoa migrante

Persoa en situación (administrativa) irregular

Traballamos moito / traballamos arreo

Comprar no bazar

Vai desarreglado/a

Facer brincadeiras

Persoa negra/o

Persoa de latinoamérica

Persoa de Sudamérica

Etnia xitana / pobo xitano

Persoa do Magreb, persoa arxelina,
persoa marroquí...

Sexismo: Xénero e LGTBIQ+

As mulleres teñen sido invisibilizadas e infravaloradas ao longo da historia e iso reflíctese tamén na linguaxe. Isto afectou non so ao xénero feminino senón tamén a persoas pertencentes ao colectivo **LGTBIQ+**.

A nosa sociedade patriarcal ten unha visión do mundo e da cultura que considera todo o masculino como universal e por encima do resto dos xéneros; isto fomenta a desigualdade. Todo se explica desde o uso tradicional da linguaxe con dous xéneros: o masculino e o feminino, como se as persoas estivésemos divididas en dous tipos: so homes e so mulleres.

Por iso é importante rachar con este uso sexista da linguaxe e **incorporar fórmulas non binarias alternativas ao masculino xenérico**.

A comunicación inclusiva permite visibilizar ás mulleres e á comunidade LGTBI+ xa que, tal e como se enunciou <<o que non se nomea non existe>>. Por esta razón, é de vital necesidade empregar unha linguaxe inclusiva que nos desprenda das diferentes condutas machistas e sexistas presentes na linguaxe e avanzar cara a unha realidade futura igualitaria de maneira real e efectiva.

Evitar:

Masculino xenérico:

Fomos todos á praia.
(Grupo de mozos e mozas).

Formas discriminatorias cara á muller e o colectivo LGBTIQ+:

Esa moza é unha zorra, deitouse con moitos mozos e con moitas mozas.

Ese mozo deitouse con moitas mozas e con moitos mozos, é o “puto amo”.

O meu amigo é unha marica tola, por iso sei que non lle vas gustar, Elena.

Referencia cara ás persoas trans:

A muller transexual caeu no río

Estereotipos e roles de xénero:

Á nena regaláremoslle unha boneca e ao neno un camión.

Recomendamos:

Todas e todos fomos á praia.

Todas fomos á praia.

Todes fomos á praia.
(Xénero non- binario ou axénero).

Esa moza deitouse con moitas mozas e con moitos mozos, e ela é libre de facelo.

Ese mozo deitouse con moitas mozas e con moitos mozos, e el é libre de facelo.

O meu amigo é homosexual, por iso sei que non lle vas gustar, Elena.

A muller caeu no río.

Imos preguntarlle ás crianzas que lles gustaría polo seu aniversario.

Evitar:

Xerarquía na linguaxe:

Os nenos e as nenas van á escola.

Cousificación sexual da muller:

María está moi boa.

Mansplaining:

Ariana: A capital de España é Madrid.

Manolo: Si, e está no centro do país. Ariana ten razón.

Infantilización da muller na linguaxe.

Que vai tomar o señor? E a señorita?

OU...

O uso de diminutivos
para referirnos a mulleres:

Descuipe, señorita.

Uxía, estás xogando na casiña?

Saudar a unha nena: "Ola, guapa"

Saudar a un neno: "Ola, campión"

Recomendamos:

As nenas e os nenos van á escola.

María é unha moza atractiva e intelixente.

Ariana: A capital de España é Madrid.

Manolo: En silencio escoitando.

Lembra que as nenas tamén poden ser fortes, valentes, etc. e os nenos sensibles, emotivos, etc.



Cando nos referimos ao xénero humano, pódese substituír por termos colectivos neutrais:

Evitar: **Recomendamos:**

A orixe do home

A orixe da especie humana

Todos os homes somos iguais ante a lei

Todas as persoas somos iguais ante a lei



Cando nos referimos a grupos de persoas, pódese substituír por substantivos metonímicos xenéricos:

Evitar: **Recomendamos:**

*Estes son os criterios cos que se
escolleu aos dez gañadores*

*Estes son os criterios cos que se escolleu a
cada persoa gañadora*



Evitar o uso de adverbios con marca de xénero, en ocasións, cando os substantivos son neutros pódese omitir o artigo:

Evitar: **Recomendamos:**

Os xefes de servizo

Xefatura de servizo



Utilización de substantivos colectivos pois existen palabras inclusivas para todas as persoas: profesorado, alumnado, persoal, equipo, crianzas.

	Recomendamos:		Recomendamos:
<u>Evitar:</u>		<u>Evitar:</u>	
<i>Os alumnos</i>	<i>O alumnado</i> <i>A aula</i> <i>O grupo</i> <i>A clase</i> <i>Corpo estudantil</i>	<i>Os profesionais</i>	<i>Equipo profesional</i>
<i>Os profesores</i>	<i>O profesorado</i> <i>O claustro</i>	<i>O director</i> <i>O coordinador</i>	<i>A directora / O director</i> <i>Quen ostenta a coordinación</i> <i>A coordinación</i>
<i>Os mozos</i>	<i>A mocidade</i> <i>Persoas mozas</i> <i>Poboación nova</i>	<i>O que abaixo asina</i>	<i>Quen asina</i> <i>A persoa que asina</i>
<i>Os pais dos alumnos</i>	<i>As nais e pais do alumnado</i> <i>Quen ostenta a tutela do alumno ou alumna</i> <i>As persoas proxenitoras</i> <i>Familias</i>	<i>Os cidadáns</i>	<i>A cidadanía</i> <i>A sociedade</i> <i>A poboación</i>
<i>Os traballadores</i>	<i>O cadro de persoal</i> <i>O persoal</i> <i>O equipo</i>	<i>Médicos</i> <i>Enfermeiras</i>	<i>Equipo médico</i> <i>Persoal médico</i> <i>Equipo de enfermería</i> <i>Persoal de enfermería</i>
		<i>Árbitros</i> <i>Adestradores</i>	<i>Equipo de arbitraje</i> <i>Árbitro e árbitra</i> <i>Persoal de adestramento</i> <i>Adestrador e adestradora</i>



A fórmula <<todes>> ou o uso do feminino xenérico é cada vez máis empregada no día a día aínda que non se teña recoñecida e avalada a nivel académico.

A maiores do sinalado anteriormente, no que atinxe á escrita, soe facerse uso dunha serie de recursos que se empregan a miúdo. Citámoslos aquí para deixar constancia deles pero coa perspectiva de que a súa utilización non debe ser a norma.

Alumnas/alumnos*

Alumn@s*

Alumnxs*

Comunicación non verbal

Os xestos tamén comunican e poden ser irrespectuosos. A comunicación non verbal ten un peso moi importante na comunicación e está presente nas nosas accións diarias consciente ou inconscientemente e pode ser acompañada ou non de comunicación verbal.

Por estes motivos, cremos que é fundamental empregar unha comunicación inclusiva na linguaxe non verbal.

Evitar:

Modular a voz dependendo de se falamos con determinados tipos de persoas (nenas/ os, persoas anciás...).

Ocupar máis espazo en diferentes ámbitos polo mero feito de ser home (por exemplo, como é o caso do manspreading).

Dirixirse a/ao intérprete dunha persoa xorda en lugar de á propia persoa.

Recomendamos:

Dirixirse a todas as persoas coa mesma tonalidade de voz e maneira de falar independentemente das súas características e do seu sexo.

Compartir equitativamente todos os espazos entre persoas diferenciadas.

Dirixirse sempre á persoa coa cal estamos a falar, independentemente de se hai unha persoa intérprete polo medio.

Discapacidade / diversidade funcional

Normalmente adoitamos tratar ás persoas con diversidade funcional coma se fosen vítimas ou non fosen capaces de vivir de maneira autónoma, en lugar de tratalas como persoas simplemente normais proporcionándolles as ferramentas e recursos necesarios para o seu día a día. Na comunicación tamén debemos eliminar este tipo de discriminacións favorecendo a igualdade e o respecto.

* *A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade emprega o termo persoa con discapacidade. Mais temos que indicar aquí que hai asociacións, entidades e persoas que prefiren empregar o termo persoa con diversidade funcional. Por iso se contemplan estas dúas acepcións:*

Discapacidade: Termo establecido pola OMS na Clasificación Internacional do Funcionamiento, a Discapacidade e a Saúde, na que se mudan algúns conceptos como deficiencia ou minusvalía.

Diversidade funcional: Proposto en España no 2005 polo Foro de Vida Independente e que pretende eliminar a negatividade na definición do colectivo e reforzar a súa esencia de diversidade.

Evitar:

Inválida/o, minusválida/o, diminuída/o,
atrasada/o, tullida/o, mutilada/o...

Deficiente, mongólico, subnormal...

Defecto de nacemento.

Cego, invidente, cieguito.

O xordo, o xordomudo,
o xordocego, sordito.

Padece de...

Vítima de...

Sofre de...

Prostrado en cadeira.

Vitimizar á persoa.

Recomendamos:

Persoa con discapacidade.
Persoa con diversidade funcional.
Persoa con mobilidade reducida.

Persoa con discapacidade intelectual.
Persoa con diversidade cognitiva.

Discapacidade conxénita.

Persoa cega.
Persoa con cegueira.

Persoa xorda / persoa con xordeira.
Persoa xordocega / persoa con xordocegueira.

Ten...

Utiliza cadeira de rodas.

Tratar á persoa como alguén completamente normal pero que ten unha situación distinta

Medios de comunicación

Para que a comunicación sexa efectiva ten que dirixirse a todo o público ao que se destina. Neste sentido, unha linguaxe inclusiva nas redes sociais reconece, de forma implícita e explícita, diversidade e respecto cara a todas as persoas ao mesmo tempo que apoia as diferencias e as oportunidades equitativas.

Evitar:

“Muere una anciana presuntamente
asesinada a manos de su marido”

La vanguardia

“Los gitanos acusados de robar e intimidar a
una dependienta niegan los hechos”

El comercio

“Rivas, el hombre que convirtió en oro las
rabetas de Carolina”

As

“Los trabajadores en activo podrán optar a las
ayudas para abrir una empresa”

El periódico

“Una española gana uno de los mejores
concursos de violín del mundo.”

Antena 3

Recomendamos:

*Unha muller é asasinada presuntamente
polo seu home.*

*As persoas acusadas de roubar e intimidar
a unha dependenta negan os feitos.*

*Carolina Marín proclámase campioa de
bádminton*

*As persoas traballadoras en activo poderán optar
ás axudas para abrir unha empresa*

*María Dueñas, granadina de 18 anos, gaña un dos
mellores concursos de violín do mundo*

Saúde mental

AOMS estima que o 25% da poboación sufrirá algún trastorno mental ao longo da súa vida mais esta circunstancia non ten porque minguar as nosas capacidades nin facultades, todo o contrario, pode alteralas de xeito esporádico. Unha comunicación inclusiva evitará alimentar prexuízos completamente innecesarios.

Evitar:

*Demente, tolo, trastornado,
enfermo mental, esquizofrénico.*

*Recluído / pechado nun manicomio
ou interno nun psiquiátrico*

“Vivimos unha situación esquizofrénica”

“Está paranoico”

“Pareces bipolar”

“Hoxe estou depre”

*O uso do masculino xenérico para referirnos a
profesións en plural: psicólogos, médicos...*

Recomendamos:

Persoa que ten un diagnóstico de...

Persoa con problemas de saúde mental

Persoas que teñen ou conviven cun trastorno mental

Paciente o persoa usuaria de centros de saúde mental

Persoa en proceso de recuperación

“Vivimos unha situación complexa / cambiante”

“Es moi voluble”

“Hoxe teño o día triste”

Persoal de psicoloxía, persoal médico, etcétera.

Como lograr unha comunicación con imaxes máis inclusiva

A comunicación con imaxes máis inclusiva permítenos amosar a diversidade familiar, social, étnica, etc. a través das imaxes, afastándose dos roles e estereotipos. Algunhas recomendacións xerais:

- * Amosar diferentes etnias
- * Relacións de familias diversas
- * Visibilizar a pluralidade dos corpos
- * Novas masculinidades. Eliminar estereotipos evitando asocialos aos roles tradicionalmente definidos polo xénero
- * Amosar ás persoas con diversidade funcional como empoderadas dándolles un tratamento igualitario
- * Utilizar subtítulos, textos en braille, lectura doada

E cando escoites... Que difícil nolo poñedes! É que xa non se pode dicir nada!

Si que podes, si que tes alternativas inclusivas sen empregar expresións que favorezan a desigualdade e mesmo a marxinación de persoas e colectivos.

Nesta guía podes atopar moitas recomendacións e ti mesma podes ir engadindo moitas máis. Esta é unha tarefa conxunta pois atopar unha linguaxe consensuada fará que nos desenvolvamos con empatía e de maneira respectuosa coa diversidade que nos rodea.

E para coñecer vocabulario que **ás veces non sabemos** moi ben que significa...

Aquí tedes algunhas definicións por orde alfabético:

Androcentrismo: Visión do mundo e das relacións sociais centrada no punto de vista masculino.

Cissexual: Toda persoa coa que coincide a súa identidade sexual coa asignada ao nacer.

Cissexismo: conxunto de prexuízos que consideran que a identidade sexual das persoas transexuais non é auténtica, ou que é menos auténtica que a das persoas cissexuais.

Chan pegañento: realidade pola cal as mulleres teñen numerosas dificultades para poder abandonar a esfera do privado (o ámbito doméstico), cara ao espazo público, e que lle dificultan o acceso ao mercado laboral.

Coeducación: é un método educativo no que non se establecen relacións de dominio que supediten un sexo a outro, senón que se incorporen, en igualdade de condicións, as realidades e a historia das mulleres e dos homes.

Conciliación: acción de conseguir que dúas ou máis partes opostas logren chegar a un acordo para se levar ben, en paz.

Corresponsabilidade: a responsabilidade compartida dunha situación ou actuación determinada entre dúas ou máis persoas. As persoas corresponsables posúen os mesmos deberes e dereitos na súa capacidade de responder polas súas actuacións nas situacións ao seu cargo.

Discapacidade: abarca as deficiencias, as limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal; as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas, e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais.

Discriminación positiva: aplicación de políticas ou accións encamiñadas a favorecer certos grupos minoritarios ou que historicamente sufrisen discriminación co principal obxectivo de buscar o equilibrio das súas condicións de vida ao xeral da poboación, por exemplo, creando cotas de xénero ou identidade sexual en establecementos educativos ou postos laborais.

Disforia de xénero: define a aversión manifestada polas persoas aos propios xenitais. Non é sinónimo de transexualidade. O grao de “disforia” é variable, e incluso inexistente en moitas persoas transexuais, dependendo, en gran medida, das presións externas que sufriron ao longo da súa vida en torno ao seu corpo e á súa identidade.

Diversidade funcional: implica problemas que afectan á estrutura corporal, limitacións para levar a cabo accións cotiás e dificultades para manter relacións sociais cos iguais.

Equidade: acción de dar a cada individuo, por diferente que sexa, o que este se merece ou se gañou. adoita estar ligada á xustiza social, dado que a xustiza, á súa vez, presenta a mesma característica na repartición que a equidade.

Estereotipos de xénero: de orixe cultural, son un conxunto de ideas utilizadas para explicar a forma de comportarse e os roles que deben ter en sociedade os homes e as mulleres. Dentro dos estereotipos de xénero masculinos atopamos a fortaleza, a seguridade nun mesmo, a incapacidade emocional ou a agresividade. Nos femininos podemos atopar a dozura, a submisión ou a delicadeza.

Feminismo: é un movemento social e político que procura a igualdade entre mulleres e homes.

Gueto veludo: sectores profesionais e laborais que se feminizan e acaban considerándose traballos aptos para mulleres o que inmediatamente conleva a unha redución salarial, empeoramento das condicións laborais e dificultades de ascenso.

Igualdade: principio que recoñece a equiparación de toda a cidadanía en dereitos e obrigas.

Infrarrepresentación feminina: discriminación estrutural na sociedade contra as mulleres na empresa. Baséase nunha menor presenza do sexo feminino en todos os ámbitos, excepto os ámbitos feminizados.

Interseccionalidade: termo acuñado en 1989 pola activista e académica Kimberlé Williams Crenshaw que mantén que as opresións da sociedade (racismo, sexismo, capacitismo, homofobia, xenofobia ou clasismo) non actúan de maneira independente, senón que estas formas de exclusión están interrelacionadas e non poden ser examinadas separándoas unhas doutras.

Licenzas parentais: período de licenza máis longo e con protección do emprego ao dispor dun ou ambos os proxenitores para permitirlles coidar da súa filla ou fillo despois de que expire a licenza de maternidade ou paternidade.

Machismo: ideoloxía que considera á muller un ser inferior nun ou varios aspectos con respecto ao home. O machismo baséase nun conxunto de crenzas, prácticas sociais, condutas e actitudes que promoven a negación da muller como suxeito.

Manspreading: práctica dalgúns homes de sentar coas pernas abertas no transporte público, ocupando con iso o espazo de máis dun asento.

Micromachismos. comportamentos ou expresións “invisibles”, que son discriminatorias cara as mulleres, sostidos na suposta superioridade do home. Polo seu carácter cotián, estes comportamentos están tan naturalizados nunha determinada cultura que moitas veces pasan desapercibidos tanto para homes coma para mulleres.

Novas masculinidades: proceso no que se deconstrúe a masculinidade tradicional para construír novos modelos de masculinidade nunha sociedade igualitaria, e onde os valores, cualidades e sentimentos dos homes non son os tradicionais, senón equitativos.

Patriarcado: toda forma de organización social cuxa autoridade se reserva exclusivamente ao home ou sexo masculino. Nunha estrutura social patriarcal, a muller non asume liderado político, nin autoridade moral, nin privilexio social nin control sobre a propiedade.

Perspectiva de xénero: “é a acción de integrar sistematicamente as situacións, prioridades e necesidades respectivas de mulleres e homes en todas as accións e políticas, con vistas a promover a igualdade entre homes e mulleres e recorrer a todas as políticas e medidas xerais co fin específico de lograr a igualdade, tendo en conta activa e abertamente, desde a fase de planificación, os seus efectos nas situacións respectivas dunhas e outros cando se apliquen, supervisen e avalíen” (Comisión Europea, 1998).

Racismo: atribución de trazos de superioridade ou inferioridade a unha poboación que comparte certas características herdadas fisicamente.

Roles de xénero: son as diferentes funcións sociais que se lles atribúen ás mulleres e aos homes.

Segregación horizontal: fai que as mulleres se concentren en postos de traballo que se caracterizan por unha remuneración e un valor social inferiores e que son, en boa medida, unha prolongación das actividades que social e tradicionalmente foron asignadas a cada sexo.

Sororidade: refírese ao apoio, coexistencia e solidariedade entre as mulleres fronte aos problemas sociais que se presentan en sociedade. A sororidade é un valor, como a fraternidade, pero vinculada á unión, respecto e amor entre o xénero feminino.

Transfobia: odio e intolerancia cara ás persoas trans, cara a diversidade de xénero, e crenza social de que a forma de identidade e expresión dunha persoa debe corresponder ao seu sexo biolóxico.

Transexualidade: condición dunha persoa que ten a convicción de pertencer ao sexo oposto, cuns caracteres fisiolóxicos que aspira a ter ou que xa adquiriu por medio da cirurxía e dun tratamento hormonal.

Teito de cemento: barreiras internas auto impostas inconscientemente polas propias mulleres no momento de ascenso na súa carreira profesional para ocupar cargos de maior responsabilidade.

Teito de cristal: barreira invisible, moi difícil de exceder, que dificulta que as mulleres, a pesar de ter a mesma cualificación e méritos que os seus compañeiros, accedan aos altos postos de poder das organizacións, a política e as empresas.

Transfobia: discriminación, conduta e actitudes negativas cara as persoas trans.

Violencia de xénero: violencia que afecta ás mulleres polo feito de serlo. Constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres independentemente do ámbito no que se produza. (*Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero*).

Vitimización secundaria ou **revitimización:** é o conxunto de feitos ou “o feito en que unha persoa sexa vítima de violencia interpersonal en dous ou máis momentos da vida”.

Xénero. Conxunto de características, comportamentos, funcións e valoracións socioculturais que se asigna como apropiado para cada un dos sexos nunha sociedade determinada.



Esta guía foi elaborada de maneira colaborativa polo **alumnado de 1º do Ciclo Superior de Promoción da Igualdade de Xénero Promoción 2020/2022** no marco do Proxecto Olladas Disidentes sobre perspectiva de xénero e comunicación no que tamén colaboraron o equipo docente e alumnado da actividade formativa dirixida a persoas traballadoras en situación de desemprego: Promoción para a igualdade efectiva de mulleres e homes ano 2021.

